

ACTA DO COMITÉ CIENTÍFICO INTERNO DO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (IDIS)

Reunión por videoconferencia vía zoom

Data e hora: 29 de xaneiro de 2024, ás 13.00 horas

CONVOCADOS:

Presidenta:

M^a Luz Couce Pico. Directora Científica do IDIS.

Secretario:

José Ramón Castro Ruibal. Xestor de I+D+i do IDIS.

Vogais:

Sofía I. Barbosa Sousa Gouveia. Investigadora en formación (R2).

Ángel Carracedo Álvarez. Coordinador da Área de Xenética e Bioloxía de Sistemas.

Miriam Cebey López. Representante de calidade do IDIS.

Manuel Collado Rodríguez. Representante de Formación do IDIS.

Anxo Fernández Ferreiro. Representante de Innovación e Transferencia do IDIS.

José Ramón González Juanatey. Coordinador da Área de Inflamación.

Francisco Gude Sampedro. Coordinador da Área de Plataformas e Metodoloxía.

José Luis Labandeira García. Investigador senior do IDIS.

Isabel Lista García. Directora da Fundación IDIS.

Rafael López López. Coordinador da Área de Oncoloxía.

Miguel A López Pérez. Investigador senior (R4).

Mabel Loza García. Representante de Dirección do CIMUS.

Paula Mariño Lorenzo. Investigadora en formación (R1).

Miguel Ángel Martínez Olmos. Coordinador da Área de Endocrinoloxía.

Federico Martinón Torres. Investigador senior (R4).

Laura Muinelo Romay. Investigadora senior (R3).

Daniel Rey Aldana. Representante de Atención Primaria do IDIS.

Mabel Sampedro Parada. Representante de Innovación e do Comité de Empresa.

Ana Vega Gliemmo. Investigadora senior (R4).

Sandra Vidal Martínez. Representante de enfermería

NON ASISTEN:

Miguel A López Pérez. (escusa a súa asistencia).

Ángel Carracedo Álvarez

Francisco Gude Sampedro

Federico Martínón Torres

Daniel Rey Aldana

Sandra Vidal Martínez

Orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2. Selección de propostas da AES 2024.
3. Informe da Dirección Científica sobre as actividades en curso.
4. Rogos e preguntas.

1. Lectura e aprobación da acta anterior.

Apróbase por unanimidade a acta da reunión do día 29 de novembro de 2023.

2. Selección de propostas da AES 2024.

Con motivo da convocatoria *Acción Estratégica en Salud* do ISCIII, propónse como levar a cabo a selección previa das actuacións que teñen límite de solicitudes por centro.

Así, propónse que nas actuacións de *Proyectos de desarrollo tecnológico* e *Proyectos de Investigación Clínica Independiente*, farase unha selección previa das solicitudes mediante a priorización dos proxectos con axuda dunha consultora externa especializada neste ámbito, sempre que se supere o número máximo de solicitudes permitido.

Nas actuacións de recursos humanos, propónse realizar unha análise dos CV das propostas que expresen interese en participar nos prazos abertos polo IDIS. Tendo en conta para a avaliación os aspectos indicados nas bases da convocatoria, concretamente coméntase o seguinte:

- Realizarase una valoración obxectiva de publicacións científicas segundo o seu **cuartil/decil e posición** do autor.

- Realizarase una valoración **doutros méritos** que contempla a convocatoria (proxectos, patentes, estancias). Neste apartado farase unha ponderación da puntuación en función dos méritos presentados polos candidatos.
- **Informarase do baremo** no envío da expresión de interese. E solicitarase auto-avaliación por parte dos/as candidatos/as (Utilizaranse os criterios ISCIII do ano 2022).
- **Criterios DORA.** Solicitarase descripción sobre a relevancia na área de coñecemento, aplicación dos resultados, innovación ou aplicación clínica. E **número de citas** (teranse en conta cun factor de corrección por ano de publicación). Aplicarase en caso de similitude nas puntuacións.
- Poderase solicitar que as candidaturas externas veñan acompañadas dun compromiso que **garantice que xa conta cun espazo** para levar a cabo a súa actividade se obtén a axuda.

Logo dun consenso, decídese que se realizará unha valoración da produción científica das propostas con criterios obxectivos, e unha porcentaxe da avaliación tendo en conta os criterios DORA.

Do mesmo xeito, decídese non comunicar o compromiso da garantía do espazo.

3. Informe da Dirección Científica sobre as actividades en curso.

A Directora fai unha presentación sobre as actividades que están en marcha e previstas para as vindeiras datas relacionadas co Instituto:

- En primeiro lugar, comunícase o resultado da convocatoria intramural de axudas predoutorais e posdoutorais do IDIS, na que se financiarán un total de 9 contratos para os vindeiros 3 anos. Do mesmo xeito, anúnciase que no 2024 prevese convocar axudas para persoal técnico de apoio.
- Infórmase da posta en marcha do microscopio multifotón, que se presentou o pasado 12 de xaneiro, e que se incorpora como unha das plataformas do Instituto.

- En canto aos seminarios Mércores IDIS, anúncianse unha serie de cambios na súa organización de cara a intentar mellorar a participación do persoal do Instituto, que consisten no seguinte:
 - o Será obrigatorio para as persoas beneficiarias de axudas predoutorais e posdoutorais do IDIS (a partir do segundo ano do contrato), para que presenten resultados dos traballos que están a levar a cabo.
 - o Cada grupo responsabilizarase da participación nos seminarios, de xeito que garanticen.
 - o Valorarase a participación dos grupos nas convocatorias intramurais de axudas.
 - o A partir do próximo ano, as persoas beneficiarias das axudas posdoutorais encargaranse da organización dos seminarios, e rotarase a organización anualmente.
- Proponse realizar unha xornada mensual para a presentación das liñas de investigación que están a levar a cabo os grupos de investigación por parte de Investigadores Principais. Levarase a cabo o último martes de cada mes, ás 8 h, co fin de que poida involucrarse tanto persoal básico como clínico.
- Comunícase outra serie de actividades previstas para os vindeiros meses: presentación do IDIS a persoal de entre 35 e 45 anos; xornada polo día internacional da muller e a nena na ciencia; unha xornada de apoio á preparación dos proxectos de investigación do ISCIII; a xornada Biointegrasaúde, que terá lugar en Vigo o 9 de abril.
- A continuación comunícase o resultado da convocatoria de incorporación de grupos no IDIS
 - o 7 novos grupos se incorporaron na última convocatoria (3 asociados clínicos e 4 emerxentes): Hospitalización a Domicilio y Telemedicina (Ignacio Novo Veleiro); Microcirugía experimental y reconstructiva maxilofacial (Joaquim Megías Barrera); Neurorradioloxía (Neurorradioloxía); Inmunidad y pequeñas moléculas (Iria Gómez Touriño); Neuroendocrine Regulation of Metabolism (Ismael González García); Nuevos enfoques en radioterapia (Yolanda Prezado Alonso); Plasticidade cerebral (Alba Vieites Prado).
 - o Outros 2 grupos cambiaron de categoría de asociado clínico a emerxente: Investigación Traslacional en Enfermedades Neurológicas

(José María Prieto); Simulación, Soporte Vital y Cuidados Intensivos (Antonio Rodríguez Núñez).

Anúnciase que a convocatoria pasará a ser bianual.

- Infórmase que no mes de setembro de este ano deberase presentar a documentación necesaria para levar a cabo a renovación da acreditación do instituto. Neste momento estase a revisar e elaborar a documentación necesaria.
- Con respecto aos espazos de investigación, infórmase que nos planos que o Concello trasladou á Consellería xa informa dun terreo asignado ao IDIS. Nestes momentos estase a ultimar unha modificación do proxecto do edificio.

4. Rogos e preguntas.

Laura Muínelo pregunta se está prevista algunha reestruturación dos espazos que hai actualmente no Instituto, ao cal a Directora responde que non hai esa previsión a curto prazo.


Ao non haber máis asuntos, dáse por finalizada a reunión ás 13.40 horas.

Asdo.



José Ramón Castro Ruibal
Secretario do CCI

Vº Bº.



Mª Luz Couce Pico
Presidenta do CCI